

**POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS**  
10 decembro 2017

**Busca a ESTRELA que oriente a túa vida.  
Quita as pedras: CAMBIA, COMPARTE.**

## 1.Ver: Achégase o Nadal

--Xa as luces das cidades se van acendendo, adórnanse as rúas, na casa imos organizando esas festas e preparando o belén. ***Temos orado nesta semana?***

-Hai anos, cando alguén importante ía vir a unha vila ou cidade dábaselle un repaso aos camiños. Para iso retirábanse as pedras, achanzábanse as fochancas con area ou asfaltábase de novo a estrada.

***Haberá que poñer en Advento o sinal “en obras”?***

***Que camiños reparar?***

## 2. XULGAR: Quita as pedras: cambia, comparte

+ No evanxeo deste 2º domingo, preséntasenos a figura de Xoán Bautista, o que anuncia a chegada do Mesías dicindo:

***“Preparade o camiño do Señor, endereitade os seus vieiros...”. E “predicaba a conversión”.***

+ **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- Que preparemos a vinda de Xesús **PREPARANDO O CAMIÑO**. **Isaías explícanos como:** achanzando as fochancas, retirando as pedras, endereitando o que está torto e aplanando o escabroso que hai no noso corazón.

- **Que preparemos a vinda de Xesús coa CONVERSIÓN, cambiando de vida.** Quitando as pedras que hai no noso corazón: egoísmo, mentira, preguiza, enfados, caprichos, ingratidade...
- **Que preparemos a vinda de Xesús COMPARTINDO:** Poñamos unha alfombra ao pobre e achancemos as fochancas que nos separan con amor, verdade, paz, xenerosidade, alegría, perdón, amizade, traballo, sinxeleza... Que podemos dar a Cáritas en Nadal?

***Como preparar o camiño? Que debo cambiar?***

### **3. ACTUAR: Limpa, cambia**

- + **Facemos algúns preparativos para este tempo.** Seguindo o debuxo de Fano poñemos **o segundo ronsel** e a frechiña do compás cara ao sur, de onde veñen os pobres cos que queremos compartir, con tantos camiños rotos. Propoñémonos servir.
- + **Acendemos a 2ª vela** da coroa do Advento (a da conversión e do compartir).
- +Podemos debuxar pedras de varias formas e darllas a cada neno para que as poñan nun panel. Logo substituirán cada unha por unha flor: O corazón representa o noso corazón e queremos ofrecer a Xesús o noso desexo de cambio, por iso imos cambiar as pedras que representan ás cousas negativas por flores que representan as positivas.

***Que imos facer cada un e en grupo?***

# LECTURAS

- **ISAÍAS 40, 1-5. 9-11: Preparádelle un camiño ao Señor.**

*«Consolade, consolade o meu pobo -di o voso Deus-; falade ao corazón de Xerusalén, gritádelle, que se cumpriu o seu servizo e está pagado o seu crime, pois da man do Señor recibiu dobre paga polos seus pecados».*

*Unha voz grita: «No deserto preparádelle un camiño ao Señor; achanzádelle na estepa unha calzada para o noso Deus; que os vales se levanten, que montes e outeiros se abaixen, que o torto se endereite e o escabroso se iguale. Revelarase a gloria do Señor, e verana todos xuntos -falou a boca do Señor-».*

Súbete a un monte elevado, heraldo de Sión; alza forte a voz, heraldo de Xerusalén; álzaa, non temas, dei ás cidades de Xudá: «Aquí está o voso Deus. Mirade, **o Señor Deus chega con poder** e co seu brazo manda. Mirade, vén con el o seu salario e o seu recompensa precédeo. Como un pastor que apacenta o rabaño, reúne co seu brazo os cordeiros e lévaos sobre o peito; coida el mesmo as ovellas que crían». Palabra do Señor.

- **SALMO 84:**

**R/. Amósanos, Señor, a túa misericordia e dános a túa salvación.**

- **2 Pedro 3, 8-14:**

***Esperamos uns ceos novos e unha terra nova.***

## **SAN MARCOS 1, 1-8: Endereitade os vieiros do Señor.**

**Narrador:** Comeza o Evanxeo de Xesucristo, Fillo de Deus. Como está escrito no profeta Isaías:

**Isaías:** -«*Eu envío o meu mensaxeiro diante de ti, o cal preparará o teu camiño; voz do que grita no deserto: “Preparade o camiño do Señor, endereitase os seus vieiros”*».

**Narrador:** Presentouse Xoán no deserto bautizando e predicando un bautismo de conversión para o perdón dos pecados. Acudía a el toda a rexión de Xudea e toda a xente de Xerusalén. El bautizábaos no río Xordán e confesaban os seus pecados. Xoán ía vestido de pel de camelo, cunha correa de coiro á cintura e alimentábase de saltóns e mel silvestre. E proclamaba:

**Xoán Bautista:** - «*Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min e non merezo agacharme para desatarlle a correa das súas sandalias. Eu bautízovos con auga, **pero el havos bautizar con Espírito Santo***».  
**Palabra do Señor.**